Galicia Encantada

ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Publicacións

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Ditos e refráns do Valadouro

O número 2 dos *Cadernos do Seminario de Estudos do Valadouro* que publica a **Asociación Seminario de Estudos do Valdouro** (SEVA) é obra de **Lionel Rexes Martínez** e leva por título "*Ditos e refráns do Valadouro*".

Lionel Rexes Martínez (París, 1971) é diplomado en Maxisterio pola Universidade Autónoma de Madrid. Membro do consello de redacción da publicación cultural "O Prado das Chantas". Premio Lonxa Literaria 2011, 1º Premio Minicontos de Outono 2011, premio Relatos de Verán 2012 de Redelibros.com. O debuxo de portada é da autoria de **Xosé Blanco**.

Unha obra que contén un amplo mostrario de ditos, sentenzas e expresións populares empregadas na linguaxe cotiá das terras do Valadouro. 199 refráns clasificados, 159 expresións e retrousos, comparanzas e retóricas valecas con numerosas notas que convirten esta obra nun referente sen precdentes no marco xeográfico estudado.